

Quen teña trasladado o expediente e, ao cumprir os requisitos necesarios para simultanear estudos, desexe retomar unha titulación, deberá contar co informe de admisión favorable do centro previa a concesión da simultaneidade.

Quen sexa readmitido poderá, de ser o caso, solicitar recoñecemento dos créditos superados na outra titulación de procedencia na sede electrónica. Quen se matricule na praza adxudicada deberá solicitar o traslado do expediente no centro ou universidade de procedencia.

### 1.5 Adaptación de plan de estudos

Cando se inicia a extinción dun plan de estudos hai quen perde o dereito á docencia e/ou o dereito de avaliación nalgúns materias e cursos. O proceso de adaptación de plan de estudos permite ao estudantado afectado poder continuar os mesmos estudos no novo plan que substitúe ao que se atopa en extinción.

Quen estea nesta situación, antes de comezar o proceso de adaptación na [secretaría virtual](#), debe consultar o calendario da extinción, tanto no relativo ao dereito á docencia como ao dereito de avaliación, e o calendario de implantación do novo plan. É moi importante prestar especial atención á situación de ambos plans debido a que a posibilidade de matrícula pode verse moi limitada. O habitual, cando se implanta un novo plan, é que comece só o primeiro curso, polo que quen decida adaptarse pode non ter suficientes materias para cursar e non lle interese cambiar ata que estean implantados os cursos superiores.

Se se realiza unha adaptación de estudos a outro plan en extinción, non se poderán matricular materias de cursos totalmente extinguidos nin materias das que non se imparta docencia aínda que teñan dereito a examen. Cando exista máis dun plan de estudos en vigor nunha titulación de grao, e mentres o último non estea implantado na súa totalidade, poderase elixir a que plan adaptarse, tendo en conta que non será posible matricularse de materias nas que non se imparte docencia. A elección xa non será posible cando o último plan verificado estea implantado na súa totalidade. Neste suposto será a este último ao que teña que facerse a adaptación.

O prazo para realizar o proceso de adaptación de plan de estudos coincide co prazo de formalización de matrícula. Rematado este prazo xa non haberá posibilidade de facelo de xeito virtual polo que calquera trámite relativo a este procedemento haberá que dirixilo á unidade administrativa do centro de estudos.

A resolución dunha adaptación de plan de estudos farase aplicando as táboas aprobadas para este fin e, quen estea disconforme co resultado deberá dirixir o recurso de reposición ao mesmo órgano.

O alumnado que, unha vez rematado o prazo para realizar a adaptación, reciba unha resolución desfavorable dunha solicitude de avaliación por compensación das materias que lle restan para rematar a titulación, poderá presentar unha [instancia xenérica \(estudantes\)](#), sempre con anterioridade a data de xeración de actas do primeiro cuadrimestre. Neste caso o órgano de dirección, de ditar resolución favorable, indicará as datas para formalizar matrícula na unidade administrativa do centro de estudos.

### 1.6 Cambio de centro

O estudantado de continuación que curse un plan de estudos impartido en máis dun centro desta universidade e desexe cambiarse de centro para continuar os mesmos estudos noutra facultade ou escola, iniciará a petición segundo o establecido na [sede electrónica](#).

Tendo en conta as prazas ofertadas para esta vía de admisión, resolverase por delegación reitoral polo órgano de dirección do centro de estudos, de acordo co disposto no [regulamento polo que se establece o réxime de cambio de centro en titulacións de grao co mesmo plan de estudos](#).

### 1.7 Curso ponte

Poderá acceder por esta vía quen estea en posesión dun título de diplomado, de mestre ou de enxeñeiro técnico e desexe obter o correspondente título de grao mediante a realización dun curso ponte. O cadro coa oferta de prazas indica as direccións de internet onde se pode consultar se existen ou non criterios específicos de selección e/ou outros requisitos. A admisión solicitarase segundo o establecido na sede electrónica.

Cada centro de estudos constituirá unha comisión de valoración das solicitudes admitidas a trámite que estará integrada como mínimo por un presidente, tres vogais (dous membros do profesorado e un membro do persoal de administración e servizos) e un secretario. Os centros poderán determinar que a súa comisión de recoñecementos e validacións asuma este procedemento. Cada comisión resolverá ponderando os criterios de selección segundo o baremo aprobado para cada caso.

A nota media do expediente calcularase de acordo co protocolo de colaboración subscrito entre a consellería e as universidades galegas para a valoración dos expedientes académicos, resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ao establecido no Real Decreto 1125/2003.

Poderán recoñecerse materias agás o Traballo de Fin de Grao (TFG) que en ningún caso poderá ser obxecto de recoñecemento.

## 1.8 Realización de [requisitos formativos complementarios](#) (RFC)

Este é o procedemento que permite completar o trámite de homologación condicionada dun título universitario estranxeiro polo correspondente título español con plenos efectos profesionais e académicos. É requisito imprescindible posuír a credencial definitiva da Subdirección Xeral de Títulos e Ordenación, Seguimento e Xestión das Ensinanzas Universitarias do Ministerio de Universidades que indique de forma expresa as carencias de formación que esixan a superación de determinados complementos.

O trámite iníciase segundo o establecido na [sede electrónica](#). Poderán admitirse solicitudes sempre que este implantado o estudo conducente ao título español ao cal se refire a homologación. As opcións para realizar RFC son, proba de aptitude, período de prácticas, proxecto ou traballo e asistencia a cursos tutelados, aínda que a elección dependerá do ofertado polo ministerio na resolución e as posibilidades dispoñibles no centro de estudos.

Non será necesario volver a solicitar a admisión para volver a matricularse nos seguintes cursos sempre que sexa dentro do prazo outorgado na resolución ministerial, xa que en ningún caso o prazo máximo no que debe producirse a superación dos RFC poderá verse ampliada.

## 1.9 Cursar unha mención

Esta vía de admisión vai dirixida a persoas con título de grao que desexen cursar outra mención das impartidas dentro dun plan de estudos coa mesma denominación, aínda que varía segundo se trate de estudos previos rematados nesta ou noutras universidades españolas.

### 1.9.1 Graduadas e graduados pola Universidade de Vigo

Esta opción é para quen rematara os estudos nun plan impartido en máis dun centro desta universidade e desexe cursar unha mención noutra facultade ou escola.

### 1.9.2 Graduadas e graduados doutras universidades españolas

Esta opción só é para as titulacións que habiliten para o exercicio das profesións de Mestre en Educación Infantil e de Mestre en Educación Primaria.

En ambos casos o trámite iníciase en [sede electrónica](#) e, tendo en conta as prazas ofertadas para esta vía de admisión, as solicitudes resolverase por delegación reitoral polo órgano de dirección do centro.

## 1.10 Incorporación a un PCEO (plan conxunto de estudos oficiais)

Este procedemento, que se iníciará en [sede electrónica](#), permite a quen curse un dos graos obxecto dun PCEO incorporarse á outra titulación e cursar ambas titulacións de forma conxunta. Esta incorporación réxese segundo o establecido no artigo 3.3.1 da [normativa de Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao](#) da UVigo.

Así mesmo, quen curse un PCEO e cumpra co establecido no artigo 8 da mencionada normativa poderá optar por continuar só nunha das dúas titulacións iniciadas e abandonar a outra.